

Compostela Cultura

# ARTES ESCÉNICAS 2023

PRIMEIRO SEMESTRE

AUDITORIO DE GALICIA

TEATRO PRINCIPAL

DO PRACER E DA MORTE





Compostela
Cultura
Artes
escénicas



# LOS SANTOS INOCENTES

## GG PRODUCCIÓN Y TEATRO DEL NÓMADA

© MARCOSGPUNTO

**AUDITORIO DE GALICIA**

**21 XANEIRO**

20.30 h
Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Idade: >12 anos
Duración: 100 min
Lingua: castelán

*Los Santos Inocentes*, de Miguel Delibes, preséntasenos como un espello no que nos mirar.

Como sociedade.

Como individuos.

E como todos os espellos, devólvenos o reflexo do noso pasado para que poidamos explicar o noso presente.

A imaxe á que nos enfronta é crúa, bela, salvaxe... pero sobre todo profundamente humana...

Javier Hernández-Simón

Reparto (por orde de intervención): Javier Gutiérrez, Pepa Pedroche, Fernando Huesca, Yune Nogueiras, Marta Gómez, Luis Bermejo, José Fernández, Raquel Varela, Jacobo Dicenta | Dirección: Javier Hernández-Simón | Adaptación: Fernando Marías e Javier Hernández Simón | Deseño de iluminación: Juan Gómez-Cornejo e Ion Anibal | Escenografía e deseño de cartel: Ricardo Sánchez Cuerda | Deseño vestiario: Elda Noriega | Dirección musical, composición e espazo sonoro: Álvaro Renedo | Axudante de dirección: Daniel Alonso | Enxeñeiro de son e gravacións: Carlo González | Realización de escenografía: Mambo Decorados | Vídeo e teaser: Natalia Moreno e Ana Díez | Rexedor: Aitor Presa | Produción executiva: | GG Producción Escénica | Xefa de produción: Tanya Riesgo | Dirección de produción: Carmen García e Graciela Huesca |

LA RED * COMISIONES ARTÍSTICAS
GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE | inaem
PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



# PUSSY CAKE

## MATARILE TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**

**26, 27 XANEIRO**

20.30 h

C!

#posfunción: 26 de xaneiro ao remate da función
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Estrea absoluta
Idade: >18 anos
Duración: 70 min
Lingua: galego

A miña muller é artista e saltou pola fiestra

### FRANCESCA WOODMAN

Considerada precursora do autorretrato ou *selfie*.

### CAM GIRLS e outras denominacións *sexcam, chica webcam.*

Un fenómeno relativamente recente, que levou a centos de mulleres novas a gañarse a vida, utilizando un móbil sen necesidade de máis tecnoloxía, todo está dentro do móbil, ata plataformas para pagar por estes servizos, proxenetas sen contacto. O xogo está servido.

### PUSSY CAKE

Non nace coa intención de facer ningún tipo de estudo sociolóxico ou crítico. Este proxecto nace para traballar unicamente cos aspectos estéticos de dous mundos: por un lado, a poética de Francesca Woodman e, por outro, a estética descarnada e chea de encaixes de plástico e leite condensado do porno doméstico.

Dirección e dramaturxia visual: Baltasar Patiño | Reparto: Helena Salgueiro, Andrea Dunia e Raquel Esteller | Coreógrafas: Nuria Sotelo e Rut Balbís | Outras coreógrafas: Helena Salgueiro, Andrea Dunia e Raquel Esteller | Creación vídeo: Marta Valverde e Baltasar Patiño | Iluminación, espazo escénico, produción son e mestura: Baltasar Patiño | Vestiario: MATARILE | Vídeo difusión: Edición Rusa | Fotografía: Rubén Vilanova | Loxística técnica en Compostela: RTA + MATARILE | Produción Pussy Cake e coordinación MATARILE: Laura Sánchez | Distribución: MATARILE e Dos Orillas |

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

# VOX POPULI

## MALASOMBRA




**TEATRO PRINCIPAL**

**2, 3 FEBREIRO**

20.30 h

#posfunción: 2 de febreiro ao remate da función
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade: >14 anos
Duración: 90 min (duración aproximada)
Lingua: galego

VOX POPULI é unha ópera rock con música e letras orixinais, interpretada por seis actrices, tres actores e tres músicos, que fala do auxe da ultradereita na época actual e que toca unha gran cantidade de temas directamente relacionados con este fenómeno, tales como a inmigración, as liberdades e os dereitos sociais.

Idea orixinal: Xoque Carbajal | Textos e dirección: José Prieto | Autor e director musical: Carlos Mosquera "Mos" | Reparto: Carlos Mosquera "Mos", María Costas, César Goldi, Paku Granxa, Bea García, Paula Pier, Xoque Carbajal, Celia González, Iria Sobrado, Pablo Leira, Chechu Mosquera e Lorena Cachito. | Escenografía e vestiario: Diego Valeiras | Iluminación: Xoque Carbajal |

XUNTA DE GALICIA

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# BUHO

## TITZINA TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**

**4 FEBREIRO**

20.30 h
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade: adultos
Duración: 85 min
Lingua: castelán

Pablo, un antropólogo forense especializado en xacementos paleolíticos sofre un ictus que lle provoca una amnesia severa. Asistimos a unha busca interior pola súa memoria para recuperar os seus recordos, en definitiva, a súa identidade.

A nova proposta de Titzina teatro volve reafirmar a súa aposta polo traballo de creación e investigación mediante procesos de traballo longos. Traballos de alta densidade con interpretacións e dramaturxias impecables.

Idea e creación: Diego Lorca e Pako Merino | Dirección: Diego Lorca e Pako Merino | Dramaturxia: Diego Lorca | Reparto: Diego Lorca e Pako Merino | Composición musical e son: Jonatan Bernabeu e Tomomi Kubo | Deseño iluminación: Jordi Thomàs | Dirección técnica: Albert Anglada | Deseño vídeo: Joan Rodón | Vestiario: Ona Grau | Deseño escenografía: Rocío Peña | Construción escenografía: Albert Ventura e La Forja del Vallès | Deseño gráfico: Isa Besset | Fotografía: Quim Cabeza | Produción: Luz Rondón |

# PIROLÍTICOS

## MOFA E BEFA. PT EXCÉNTRICAS



SABELA EIRIZ

**TEATRO PRINCIPAL**

**9, 10, 11 FEBREIRO**

20.30 h

C!

#posfunción: 9 de febreiro ao remate da función
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade: >13 anos
Duración: 90 min
Lingua: galego

PIROLÍTICOS é esencialmente unha guía para orientar ao público sobre as novas masculinidades de sempre e conseguir (no caso dos homes) unha correcta pirólise en 10 pasos sinxelos. Ao igual que os fornos modernos, é necesario conseguir un estado de “baleiro total” para poder comprender e asumir os novos conceptos que o feminismo achegou nas últimas décadas. Reflexionar sobre o impacto do patriarcado nos propios homes, recoñecer a súa posición de privilexio, e amosar as contradicións que estas influencias provocan no noso día a día, poñendo o foco en todo momento sobre un home que simpatiza coa teoría feminista e aspira a vivir en consonancia con ela, pero que ten que enfrontar unha cultura machista profundamente instalada.

Cunha estrutura en *sketches*, como é habitual en Mofa e Befa, e, por suposto, con música (desta volta, cun marcado estilo perrallas rock) PIROLÍTICOS escenifica situacións ben recoñecibles polo público, co fin de conseguir unha mellor comprensión da “Guía Rápida para unha Correcta Pirólise”.

Dirección: Clara Gayo | Reparto: Evaristo Calvo é Mofa, Víctor Mosqueira é Befa | Autoría: Lucía Aldao e María Lado | Espazo escénico e atrezzo: Marcelino de Santiago, Kukas | Música: Piti Sanz | Deseño de iluminación: Octavio Mas | Deseño de vestiario: Xulia Brens | Deseño gráfico: Natasha Lelenco | Fotografía: Sabela Eiriz | Vídeo: Sonia García (Seimeira Producións) | Inventiños: Pepe Penabade | Corrección lingüística: Ana Triñáns | Produción: Rubén G. Pedrero

XUNTA DE GALICIA

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

# HAMELIN

## REDRUM TEATRO



**TEATRO PRINCIPAL**

**23, 24 FEBREIRO**

20.30 h

C!

#posfunción: 23 de febreiro ao remate da función
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Estrea absoluta
Idade: >14 anos
Duración: 90 min
Lingua: galego

"Era unha vez unha bela cidade chamada Hamelin. A cidade encheuse de ratas. Ata que alguén fixo soar unha fermosa música". A versión áspera do conto é máis verosímil e parécese máis ao mundo no que vivimos. No noso mundo, os nenos son os primeiros que pagan. Pagan os vicios dos maiores, as mentiras dos maiores. Neste sentido, o Hamelin que non sabe protexer aos seus nenos é como moitas cidades do noso mundo. Mayorga aborda o tema da pederastia cunha linguaxe e escenas cheas de elipses, onde as cousas quedan aludidas, onde o espectador debe poñer da súa parte para interpretar, para imaxinar, para encher os silencios. Aborda o tema dunha maneira moi sutil, os silencios dos personaxes encerran grandes verdades, evita unha linguaxe basta e opta por un espectador activo que imaxine máis aló do que se mostra en escena.

Reparto: Guillermo Carbajo, Roberto Leal, Belén Constenla, Mónica García, Machi Salgado, Rubén Porto e Fran Lareu | Dirección e tradución: Alex Sampayo | Texto: Juan Mayorga | Deseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio | Escenografía: Alex Sampayo | Música e espazo sonoro: Davide González | Fotografías ensaios: Carlos Álvarez-Ossorio | Distribución: Guillermo Carbajo |

XUNTA DE GALICIA

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# SAFO

FOCUS

**AUDITORIO DE GALICIA**

**25 FEBREIRO**

20.30 h
Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Estrea en Galicia
Idade: >18 anos
Duración: 90 min
Lingua: castelán

Safo é un poema escénico, musical e visual que explora a figura da gran poeta de Lesbos. Enigmática e misteriosa, é unha autora venerada e respectada até hoxe, que compuxo máis de dez mil versos, dos que tan só nos chegaron escasos poemas completos e versos soltos. En contraste coa clamorosa ausencia da súa obra, a súa figura lendaria non fixo máis que crecer co tempo.

A nosa proposta escénica percorre o universo sáfico a través do imaxinado, o proxectado, o especulado polos/as estudosos/as e artistas ao longo dos séculos, e reconstrúe a partir do que quedou -os enigmáticos versos incompletos, a influencia en autores posteriores como Ovidio, Catulo, Nosis ou Erina-, o que puido ser e o que significa Safo nun canon maioritariamente masculino, que durante séculos tentou reinterpretar a súa figura segundo os valores e prexuízos de cada época. Un xogo metateatral, un diálogo entre presente e pasado para celebrar a Safo.

Un espectáculo de:
Christina Rosenvinge, Marta Pazos, María Folguera (inspirado a partir de poemas de Safo) | Cancións orixinais: Christina Rosenvinge | Texto: María Folguera | Dirección: Marta Pazos | Dirección musical: Christina Rosenvinge | Coreografía: María Cabeza de Vaca | Reparto: Christina Rosenvinge, María Pizarro, Lucía Bocanegra, Natalia Huarte, Irene Novoa, Xerach Peñate, Lucía Rey e Juliane Heinemann | Escenografía: Marta Pazos | Vestiario e caracterización: Pier Paolo Álvaro | Iluminación: Nuno Meira | Son: Dany Richter |



# O PÉNDULO

## INVERSA TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**

**3, 4 MARZO**

20.30 h

#posfunción: 3 de marzo ao remate da función
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade: >13 anos
Duración: 85 min
Lingua: galego

Unha obra de teatro-documento que nos amosa como se desenvolveu a sublevación militar de 1936 e o inicio da Guerra Civil en Galicia. Este achegamento á nosa historia colectiva faise desde o persoal. Marta Pérez, co-dramaturga e actriz, trasládanos a experiencia do seu bisavó, Tirso Gómez Freijido, natural de Ribadavia e residente na Cañiza. Membro do Partido Socialista, republicano e presidente da Casa do Pobo da vila.

Tirso foi apresado e fusilado no ano 1936 no Castro de Vigo, xunto cos seus camaradas Justo Moure, Jesús Pérez e Antonio Mojón. Outro veciño da localidade, Benjamín Malvar, apareceu asasinado nunha gabia. Xunto con eles foi apresada tamén María Gómez, alcaldesa da Cañiza, pertencente a Esquerda Republicana, a única muller que exerceu ese cargo en Galicia durante a Segunda República. Esta última conseguiu salvarse do fusilamento no último momento, alegando un falso embarazo. Foi condenada a cadea perpetua e rematou vivindo en Lugo coa anarquista Urania Mella.

Texto: Marta Pérez e Ernesto Is | Dirección: Carlos Álvarez-Ossorio | Reparto: Nerea Brey, Marta Pérez, Rosa Puga Davila | Escenografía e vestiario: Inversa Teatro | Espazo sonoro e vídeo: Jesús Andrés Tejada | Espazo escénico e iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio | Construción escenografía: Juan Bas | Imaxe gráfica: Marieta R | Fotografía: Arquivo Bacelar - A Cañiza | Produción: Marta Pérez | Comunicación: Dito e Feito Comunicación e Samuel Merino | Edición e publicación: Edicións Positivas |



# CHRISTIANE. UN BIO-MUSICAL CIENTÍFICO

DE&CON
BELÉN PASQUALINI

**TEATRO PRINCIPAL**

**9 MARZO**

20.30 h
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade: >10 anos
Duración: 60 min
Lingua: castelán

*Christiane. Un bio-musical científico* é a vida de Christiane Dosne Pasqualini, unha figura fundamental a nivel internacional na investigación da leucemia. Christiane mergúllanos na viaxe da súa protagonista, quen chega á Pampa Arxentina en 1942, bolseira, para sumarse á equipa do Premio Nobel, Bernardo Houssay. Francesa, criada en Canadá e Arxentina por adopción, Christiane foi a primeira muller que integrou a Academia Nacional do Medicamento. A súa paixón polos ratos de laboratorio e a súa vida, que atravesa boa parte do século XX, son dun vigor e unha humanidade apaixonantes. Muller, científica, nai, esposa, Christiane, é unha gran escusa para coñecer a unha muller única.

Actuación e dramaturxia: Belén Pasqualini | Dirección musical e música orixinal: Belén Pasqualini (Excepto *Smoke Gets In Your Eyes* de Harbach/Kern) | Deseño de iluminación: Martín Fernández Paponi e Claudio del Bianco | Ilustración e arte: Sofía Esparza | Fotografía: Angelo Bendrame | Deseño gráfico: Mery Pastore Camino | Dirección: Belén Pasqualini |



# MORIA

## UNAHORAMENOS

*Moria* conta a historia de dúas refuxiadas e as súas familias ás que non lles queda máis remedio que fuxir dos seus respectivos países. A dramaturxia sostense a partir de testemuños reais filmados no campamento de Moria baixo a supervisión de Nicolás Castelán, reporteiro especializado en movementos migratorios forzosos e dereitos humanos.

**TEATRO PRINCIPAL**

**10 MARZO**

19.30 e 21.00 h
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Espectáculo de aforo reducido, desenvólvese na caixa escénica.

Idade: >16 anos
Duración: 50 min
Lingua: castelán

*Moria* é unha experiencia de teatro inmersivo. Unha forma de teatro envolvente no que o público se mergulla na trama mediante a proximidade ás actrices no interior dunha haima. A dinámica e a relación co público son moi diferentes e os asistentes teñen a posibilidade de empatizar coas protagonistas desta traxedia dunha forma diferente. Nesta proposta o espazo cobra unha gran relevancia, chegando a incidir directamente sobre a dramaturxia. As liñas entre o intérprete e o público e entre a ficción e a vida son confusas. A audiencia mergúllase na historia. Xa non só é testemuña. Está no lugar dos acontecementos sen un proscenio que o separe da acción dramática.

Unha posta en escena e unha formulación creativa que foi merecedor do Premio Max ao Mellor labor de produción en 2022.

Dirección: Mario Vega | Texto: Ruth Sánchez, Marta Viera, Mario Vega, Luis O'Malley, Nicolás Castellano e Valentín Rodríguez | A partir das entrevistas a: Saleha Ahmadzai (Afganistán), Zohra Amiryar (Afganistán) e Douaa Alhavatem (Irak) | Reparto: Marta Viera e Andrea Zoghbi | Dirección de produción: Valentín Rodríguez | Espazo escénico: Mario Vega | Desenvolvemento pedagóxico: Gemma Quintana | Dramaturxia escénica: Luis O'Malley | Asesor de contido: Nicolás Castellano | Fotografía e vídeo: Anna Surinyach | Dirección técnica: Ibán Negrín | Tony Perera | Deseño de iluminación e proxeccións: Tony Perera |

DE LA RED * COMISIONES ARTÍSTICAS
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE inaem
PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



# TODAS LAS CANCIONES DE AMOR

## CHECK-IN PRODUCCIONES, ANDRÉS LIMA

**TEATRO PRINCIPAL**

**11 MARZO**

20.30 h
Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Idade: >18 anos
Duración: 80 min
Lingua: castelán

Cando o inexplicable se repite unha decátase de que a realidade foi tomada polo asombro. Desde ese asombro fálanos unha muller ao final da súa vida. De nai a fillo, de fillo a nai.

A nosa NAI non ten nome. As que sofren, as que buscan con desenfreo percibirse a si mesmas, non teñen nome, coma se a través dese non nome se puidese nomear a todas.

O alzhéimer, o esquecemento, o recordo e o amor.

Texto: Santiago Loza | Dramaturxia: Eduard Fernández, Andrés Lima e Santiago Loza | Produción: Checkin Prod. e Joseba Gil | Fotografías: Laura Ortega | Comunicación: Pepe Iglesias | Dirección: Andrés Lima | Reparto: Eduard Fernández | Escenografía e vestiario: Beatriz San Juan | Iluminación: Valentín Álvarez | Música e espazo sonoro: Jaume Manresa | Vídeocreación: Miquel Raió | Espazo sonoro: Enrique Mingo |



# ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA

**TEATRO PRINCIPAL**

**17 MARZO**

20.30 h

C!

#posfunción
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade: >18 anos
Duración: 100 min
Lingua: galego

## TEATRO DO NOROESTE

As sensibles e conmovedoras lembranzas dun rapaz que pasa a súa infancia na España franquista. Nos anos sesenta, un rapaz de doce anos realiza o tránsito da adolescencia á madurez, que se precipita no seu último verán na praia, descubrindo a natureza da vida e da morte, a esencia do amor e do sexo e, sobre todo, descubrindo un terrible segredo que oculta a súa familia de militares franquistas.

Autor e director: Eduardo Alonso | Produción: Eva Alonso | Reparto: Luma Gómez, Miguel Pernas, Xavier Estévez, Manuela Varela e Maxo Barjas | Escenografía e vestiario: Equipo Taetro | Espazo sonoro: Fernando Alonso | Iluminación: Eduardo Alonso | Axudante de dirección: Imma António



# CÓDICE-K

## AINÉ PRODUCCIONES

**TEATRO PRINCIPAL**

**24, 25 MARZO**

20.30 h

C!

#posfunción: 24 de marzo ao remate da función
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Estrea absoluta
Idade: >12 anos
Duración: 80 min
Lingua: galego

Un día de verán, entre o 30 de xuño e o 5 de xullo de 2011, o Códice Calixtino é roubado do seu lugar de exhibición no museo da Catedral de Santiago. A partir deste momento, e ata aproximadamente un ano despois que foi recuperado, a peripecia puido ser seguida polas puntuais informacións que ían aparecendo nos diferentes medios de comunicación. Finalmente puidemos saber que Manuel Castiñeiras, electricista e xefe de mantemento da catedral, fora o autor do roubo. E punto. Ata aquí a historia oficial.

O que nós imos contar é a intrahistoria extra oficial: por que Manolo decidiu cometer semellante delito, como foi a investigación, quen estaba ao tanto do roubo, como se puido ocultar durante un ano semellante botín... Amosaremos, en definitiva, todo o material resultante das exhaustivas pescudas levadas a cabo en estreita colaboración entre dous departamentos clave: o departamento de dramaturxia de investigación e o departamento do disparate. E no decurso da escrita e montaxe da obra, seguramente o departamento de investigación teña menos relevancia ca o departamento do disparate. Significando isto que, aínda que todo sexa pura especulación, posiblemente nos achegaremos moito á realidade.

Porque a historia do roubo, busca e aparición do Códice Calixtino foi, sobre todo, un puro disparate.

Dirección: Tito Asorey | Texto: Manuel Cortés | Reparto: Lucía Veiga, Marita Martínez, Patricia Castrillón e Marta Gilino 'Russinha' | Música: Russ (en directo) |

XUNTA DE GALICIA

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# MI HIJO SÓLO CAMINA UN POCO MÁS LENTO

## TANTTAKA TEATROA

**AUDITORIO DE GALICIA**

**31 MARZO**

20.30 h
Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Idade: Todos os públicos
Duración: 85 min
Lingua: castelán

Mía é unha muller imprescindible, como tantas, no día a día da súa casa. Loita contra os seus demos mentres coida da súa nai, o seu pai, da súa filla e dun marido “disidente” pero especialmente desvélase polo seu fillo Branko que padece unha, innominada, enfermidade dexenerativa que lle vai facendo perder mobilidade. Hoxe, Branko, cumpre 25 anos e a súa “defectuosa” (hoxe día diríase “disfuncional”) familia prepáralle unha festa. É o detonante para falar, con humor, sinxeleza e unha sinceridade brutal, de todo o que algunha vez importou, do que sempre debera importarnos: a memoria, a familia, o paso do tempo, a aceptación do diferente, a mocidade, o amor, o medo, a soidade, a beleza, o abandono, a tolemia, a enfermidade... A vida.

O meu fillo só camiña un pouco máis lento é un texto extraordinario e non é unha frase feita. Foi recoñecido con numerosos premios e as postas en escena sucédense dun país a outro. A casa familiar é o espazo diverso no que se dan infinidade de situacións, algunhas graciosas, outras crueis ou conmovedoras e moitas difíciles de clasificar.

Autor: Ivor Martinić | Tradución ao castelán: Nikolina Židek | Reparto: Miren Arrieta, Ane Gabarain / Klara Badiola, Mireia Gabilondo, Asier Hernández, Ander Iruretagoiena, Xabi “Jabato” López, María Redondo, Martxelo Rubio, José Ramón Soroiz e Dorleta Urretabizkaia | Dirección e espazo escénico: Fernando Bernués | Axudante de dirección: Vito Rogado | Vestiario: Ana Turrillas | Deseño de iluminación: Xabier Lozano | Coordinación técnica: Acrónica Producciones | Produción executiva: Ane Antoñanzas | Produción: Nagore Plazaola e Paola Eguibar |

DE LA RED * COMISIONES ARTÍSTICAS
GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE | inaem
PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



# THE GREAT GRETA

## GRETA MARÍ

**TEATRO PRINCIPAL**

**14 ABRIL**

20.30 h

C!

#posfunción
Prezo: 10 €
Descontos do 50 %

Estrea absoluta
Idade: >5 anos
Duración: 55 min
Lingua: galego

*The Great Greta* é un espectáculo multidisciplinar que combina danza, humor e circo para levar á escena unha oda á xente rara, que sae dos estereotipos existentes na sociedade actual. As situacións absurdas, a música, os obxectos especialmente coidados da escenografía e unha protagonista peculiar, farán que as aventuras de *The Great Greta* sorprendan a toda clase de público.

Idea orixinal: Greta Marí | Dirección: Paula Quintas | Axudante de dirección: Arturo Cobas | Reparto: Greta Marí | Deseño de Iluminación e escenografía: As dúas e punto | Deseño sonoro: Sara Martínez | Vestiario: Vanessa Parente | Deseño gráfico foto e vídeo: Sonia García | Produción: Greta Marí e Beatriz López |



# NÓ

## ELAHOOD

*Teño algo importante que dicir pero aínda non sei o que é*

Esta frase sitúase como punto de partida da nova creación da compañía Elahood. Unha proposta de danzas urbanas baixo unha mirada de creación contemporánea.

*NÓ* convida ao público nunha viaxe onírica, estirando e deformando o significado do que é importante. Baixo un filtro de ironía e fantasía, a compañía deixa ver pegadas do debate actual que atende a deconstrución de xénero e a conciencia de clase.

O espectáculo conta coa estética máis característica da compañía, unha danza precisa, limpa e extremadamente coordinada. Elahood continúa a súa aposta particular por unha linguaxe visual e coidada, que neste espectáculo abraza a presenza do texto e a voz.

*Onde reside a importancia do importante?*

*Debemos subirnos a un escenario sempre coa responsabilidade de defender un discurso?*

*NÓ* é un *collage* que parte da intuición máis naif de dúas mulleres galegas que se renden a ter que ser importantes. Unha proposta escénica contemporánea que invita á reflexión colectiva das preocupacións actuais.

**TEATRO PRINCIPAL**

**21 ABRIL**

20.30 h

C!

#posfunción
Prezo: 10 €
Descontos do 50 %

Idade: Todos os públicos
Duración: 65 min
Lingua: galego

Dirección: Sabela Domínguez, Julia Laport e Kenrick Sandy | Coreografía: Sabela Domínguez, Julia Laport e Aina Lanas | Reparto: Sabela Domínguez e Julia Laport | Dramaturxia: Gena Baamonde e ELAHOOD | Música: LLXNTO & Bruno Baw | Vídeo: Iria Casal | Atrezzo: Anahí Taraburelli | Produción: Sabela Ramos | Acompañamento á produción: Manu Lago | Deseño de iluminación: Afonso Castro | Responsable técnico en xira: Nacho Martín


ELENA C. GRAÍÑO

# TERCER CUERPO

## PRODUCCIONES TEATRALES CONTEMPORÁNEAS

**AUDITORIO DE GALICIA**

**22 ABRIL**

20.30 h
Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Idade: >16 anos
Duración: 75 min
Lingua: castelán

Unha oficina escangallada, a casa dunha parella, un bar e un consultorio médico. Diferentes sitios que se alternan nun mesmo espazo conxugando a vida de cinco personaxes. Úneos a soidade, a incomprensión e a necesidade de amar.

Cinco vidas, cinco desexos de amar, cinco persoas incapaces.

Mentres tanto vívese, trabállase, téntase.

Medo a non ser, medo a que saiban quen son.

Medo e incapacidade.

A historia de querer e non saber que facer.

A historia dun intento absurdo.

E subir as escaleiras.

E querer vivir cada día a pesar de todo.

Texto e dirección: Claudio Tolcachir | Reparto: Natalia Verbeke, Carmen Ruiz, Carlos Blanco, Nuria Herrero e Gerardo Otero | Escenografía e vestiario: Almudena Bautista | Iluminación: Ion Anibal López | Deseño espacial: Claudio Tolcachir | Deseño gráfico: Javier Naval | Axudante de dirección: Carlos Montalvo | Produtores asociados: Jonathan Zak e Maxime Seugé | Produción executiva: Olvido Orovio | Dirección de produción: Ana Jelin |

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE inaem
PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS


MARTA GARCÍA

# TRANSMISSIONS: CONFERENCIA BAILADA SOBRE DANZAS URBANAS

## JAVIER CASADO & GUILLERMO VIDAL RIBAS

*Transmissions* é unha conferencia-espectáculo que combina música, audiovisuais, palabra e movemento en vivo para explicar as danzas urbanas en todas as súas dimensións. Ofrece un discurso dinámico e accesible para todos os públicos: tan enriquecedor para expertos como para quen queren achegarse ás danzas urbanas.

**TEATRO PRINCIPAL**

**27 ABRIL**

20.30 h
Prezo: 10 €
Descontos do 50 %

Idade: >10 anos
Duración: 60 min
Lingua: castelán

Onde, cando e por que se xeraron estas formas de expresión? Que as caracteriza? Como continúan desenvolvéndose hoxe en día? Estas son algunhas das cuestións que se expoñen, así como o impacto que tiveron non só no ámbito da danza senón tamén no conxunto da cultura popular desde finais do século XX e até a actualidade.

*Transmissions* é froito dunha investigación realizada por Guille Vidal-Ribas e Javi Casado que recolle o coñecemento adquirido durante máis de dúas décadas como bailaríns de danza urbana, combinándoo con información extraída dunha ampla base documental e de entrevistas a figuras pioneiras e referentes nacionais e internacionais neste ámbito.

Autoría: Guille Vidal-Ribas e Javi Casado | Reparto: Guille Vidal-Ribas e Javi Casado/ Àlvar Marcos. | Deseño e produción técnica: Fran Ortega | Coprodución: Mercat de les Flors, HOP Plataforma de Danza y Cultura Urbana, El Generador Art i Creació Cultural | Co apoio de: Explica Dansa, Centre Cívic Barceloneta, APdC - Associació de Professionals de la Dansa de Catalunya (beca «Carretera i Dansa») | Distribución: Vulcana | Fotografía: Marta García | Vídeo: Marc Costa Films |



# O QUE NON SE VE

## ET SUSEIA DANZA

**TEATRO PRINCIPAL**

**28 ABRIL**

20.30 h

C!
#posfunción
Prezo: 10 €
Descontos do 50 %

Estrea absoluta
Idade: Todos os públicos
Duración: 50 min
Lingua: galego

*O que non se ve* expresa a necesidade de unir dous estilos de danza, a tradicional galega e a contemporánea. Contextualizamos a obra nun ambiente “moderno” tal como se enfoca actualmente a nosa sociedade, e que camiña cada vez máis forte cara o empoderamento da muller, algo que consideramos moi necesario tamén no mundo do baile e a danza.

Pretende amosar o que pode existir debaixo das vestimentas do traxe tradicional galego, ensinando que o noso baile de raíz, está á altura de calquera outro tipo de danza. Na súa propia definición, a danza contemporánea xurde como a reacción a formas clásicas e seguramente como a necesidade de expresarse libremente co corpo. Busca expresar unha idea, un sentimento ou emoción pero mesturando movementos clásicos con movementos corporais dos séculos XX e XXI.

Coreografía contemporánea: Diego Landín e Erick Pegueros | Coreografía tradicional: Gustavo Couto | Corpo de baile: Iria Calvar e Iria Portos | Grupo instrumental: Cristina Cotilla e Gustavo Couto | Música/arranxos tradicional: Emilio Lois e Kinhos Saburido | Escenografía: Diego Landín | Vestiario: OCT Ultreia | Técnico de son: Ramón Campos | Iluminación: Serxio Duro |

# UNHA INIMIGA DO POBO

## TALÍA TEATRO



**TEATRO PRINCIPAL**

**12, 13 MAIO**

20.30 h

C!

#posfunción: 12 de maio ao remate da función
Prezo: 12 €
Descontos do 50 %

Idade: >18 anos
Duración: 90 min
Lingua: galego

Helena é unha doutora de prestixio internacional que regresa á vila natal para comezar unha nova etapa xunto ao seu compañeiro. Embarazada de cinco meses, afronta o seu novo estado coa ilusión por un novo proxecto profesional co balneario que ela mesma deseñou e que se presenta como un alternativa turística sostible e saudable.

A inesperada contaminación das augas da zona e a súa loita por preservar a saúde da poboación fronte aos intereses económicos van colocala no punto de mira da veciñanza, que ve como se pon en risco a prosperidade para toda a comunidade.

Autor: Henrik Ibsen | Dramaturxia: Vanesa Sotelo e Tito Asorey | Dirección: Tito Asorey | Reparto: Marta Lado, Toño Casais, Dani Trillo, Rubén Prieto, Marta Ríos, María Ordóñez, Diego Rey, Artur Trillo e Xurxo Barcala



# ¡POR FIN SOLO!

## LUSTIG MEDIA SLU

**AUDITORIO DE GALICIA**

**18 MAIO**

20.30 h
Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Idade: Todos os públicos
Duración: 90 min
Lingua: castelán

